

A XXXVI Semana Galega de 'Filosofía e fronteira' bota a andar da man da socióloga e catedrática Saskia Sassen: 'O cidadán, e non só inmigrante, perdeu parte do respecto que lle debían o Estado e institucións'

- *Nos próximos días, o Teatro Principal de Pontevedra acollerá outros relatores/as de renome tales como Boaventura de Sousa, John Holloway, Buchraya hamudi ou Jose Solana Dueso.*

Pontevedra, 22 de abril de 2019.- A XXXV Semana de Filosofía, organizada pola Aula Castelao, botou a andar esta mañá no Teatro Principal de Pontevedra nun acto inaugural presidido polo alcalde de Pontevedra Miguel Anxo Fernández Lores no que, ademais da presidenta da Aula, Ana Regueira, interviñeron Gemma Vidal, en representación do Colexio de Avogados de Pontevedra, o deputado de Cultura Xosé Leal e Jorge Soto, Vicerreitor da Universidade de Vigo no Campus de Pontevedra.

Na xustificación da temática que centra esta 36ª Semana, 'A fronteira', a presidenta da Aula de Filosofía Castelao, sinalou 4 puntos claves para tentar abranguer a totalidade do concepto: **1º A desaparición das fronteiras e a definición da persoa.** Centraríase, este primeiro bloque, en facer unha reflexión ampla entorno ó que supoñen as fronteiras para a definición da persoa, así como de facer unha análise do que implicaría a súa desaparición. **2º As fronteiras como feito socio-económico:** Neste segundo bloque, comezaríase por facer unha análise en col de como se establecen as fronteiras no sistema económico capitalista, por que estas teñen mala prensa cando se fala da circulación do capital (pois negan a apertura total dos mercados) pero non cando se impide a circulación de persoas. **3º Os Estados e as fronteiras:** Trataríase de analizar, por un lado, en que presupostos se fundamentan as concepcións de soberanía dos estados-nación occidentais; como se definen: Negando ós outros? Recoñecéndoos? **4º Fronteira e Migración:** A reflexión tería de continuar desvelando os principais cambios operados nas nosas sociedades debido ó fenómeno migratorio.

Logo de agradecer o respaldo ás institucións que colaboran cada ano coa Semana, aos membros/as da Aula, ao público que se achega e debate e a quen realiza o esforzo intelectual de achegar comunicacións, Ana rematou a súa intervención **resumindo "a razón de ser desta Semana** que hoxe lles presentamos: Por que estamos fartos da tolerancia: nela o outro, o estraño, as minorías só son soportados. Ten de ser tolerado aquilo que diverxe da norma, pero nin se cuestiona o sistema que xenera esa norma, nin se recoñece ó outro, é por elo un concepto conservador que ten de ser substituído por outro que nos permita ser, medrar e convivir. Reflexionemos e

debatamos xuntos durante estes cinco días para intentar buscar conceptos que nos permitan pensar e crear futuros máis amables e xustos que o presente”

Nas súas respectivas intervencións, Gemma sinalou á creación da Subcomisión de Extranxería en 1999 para facilitar entre outras, asistencia letrada aos inmigrantes que chegan en patera e apuntou a implicación no tema coa realización de visita ao valo de Melilla ou o CETI. Pola súa banda Xosé Leal agradeceu tamén poder colaborar neste proxecto que “fai repensar como sociedade moitos dos conceptos que nos instauran os medios masivos e fomenta o pensamento crítico, que é o que fai avanzar a sociedade”. O vicerreitor, apuntou á vinculación da Semana coa Universidade, que é coñecemento e a Semana nesta ocasión convida tamén a pensar nas fronteiras propias.

Miguel Anxo Fernández Lores, inaugurou a Semana ao remate da súa intervención na que convidaba, logo de sinalar todos os tipos de fronteiras existentes – simbólicas, reais, económicas, as esnaquizadads polas redes da información, a que impón o sistema de comercio, o Mediterráneo, Sahara ou Palestina – a “centrarnos nas fronteiras que unen, nas pontes. Nun mundo sen fendas entre as persoas, da igualdade e o amor ao diferente”.

O relatorio matinal correo a conta da Catedrática na Universidade de Columbia e membro do Comité sobre Pensamento Global (presidiuno desde 2009 a 2015), a socióloga **Saskia Sassen, de orixe holandesa**. Considerada unha das 100 mulleres máis relevantes no ámbito científico e a única muller dos 10 primeiros científicos sociais, recibiu o premio Príncipe de Asturias en ciencias sociais (2013) polas súas contribucións á comprensión do fenómeno da globalización e a socioloxía urbana, foi elixida membro estranxeiro da Real Academia de Ciencias de Holanda. O goberno francés nomeouna Cabaleiro da Orde das Artes e as Letras.

Condicionada de seguro pola súa experiencia vital, xa que foi emigrante sucesiva na infancia, entrando en Estados Unidos como ilegal e traballando nun primeir momento como muller da limpeza, Saskia centra as súas numerosas e exitosas publicacións, traducidas a máis de 20 linguas, na construción dunha ética urbana, xa que “os discursos para apuntar como se entende a cidade en termos sociolóxicos, quedaron obsoletos. Hai que pensar nas arquitecturas de participación/pertenza ao e na devaluación do cidadán que afecta a certos sectores, perdendo unha parte importante do respecto que se lle debía por parte do Estado e as institucións. Isto vén pola

globalización, a desregularización e a privatización da economía. Estás 3 medidas radicais, tiveron consecuencias.”

Saskia presenta a existencia de microelementos pertencentes á vida diaria que alteran ao suxeito formal, que é o cidadán e ante o concepto xurdido, o da **ética da cidade**, sinala Pontevedra como cidade case perfecta e apunta que no lle vale como exemplo para amosar a necesidade da mesma, que implica a recuperación do espazo onde, aqueles que non teñen poder, podan contar historias. Historias políticas, económicas, de guerra, como o caso de Roma por exemplo. Un espazo que sobreviviu a tantos reximes por ser un sistema complexo pero aberto, un espazo que pode beneficiarse da desigualdade.

Sobre os elementos que transforman o cidadán, Saskia afirma que a lexislación dos dereitos civís, a democracia liberal, etc están incompletas e plantexa outros dereitos polos que pelexar: constitucionalizar o dereito a reclamar. Tén que ser a cidadanía a que o faga, igual que o fixo nun pasado para ata conseguir que se recoñecera algo que existía pero non tiña nome: matrimonios homosexuais, cuestión de xénero, etc. Acadar novos Dereitos Humanos, nos que o noso corpo é o lugar dos dereitos.

Saskia plantexa a vantaxe que supón ser recoñecido como ilegal para a xustiza dun país: “un indocumentado é ao tempo portador da lei e da violación da mesma, aínda non está autorizado, pero si recoñecido. **No momento no que existimos ante a lei, podemos combatila, soportala ou rebatila**”. Para isto é preciso reinterpretar certas formalidades que antes se percibían só como negativas: “Agora existo porque a lei recoñece a miña existencia aínda que sexa como un criminal por non ser legal. Aí é onde un pode negociar, reclamar e levar a cabo prácticas de cidadanía que nos levan a outro nivel, no momento no que pasamos a formar parte do seu sistema.

A socióloga sinala varios tipos de cidadanía: A nivel efectivo podemos ter **doble ou triple nacionalidade**, aínda que a nivel práctico isto non sexa unha realidade. De igual xeito, existe a **cidadanía informal**, xa que a nivel de prácticas diaria e da vida cotiá, os ilegais constitúen tamen o noso sistema. Tamén están os **autorizados, pero non recoñecidos**, que contan coa condición de cidadáns pero están discriminados pola desigualdade económica, o racismo, e os **inautorizado pero recoñecidos**: si es membro de Unión Europea, deberías por exemplo poder lanzar unha campaña política en calquera cidade da mesma, pero non é así.

Ao fío da Zona Euro, Saskia apuntou que para chegar a el dun xeito que beneficiara a toda a poboación, tería sido precisa protección para os sectores máis débiles, localizados, de traballadores, etc. Chegouse ao Euro sen ningunha política laboral, o que só beneficiou aos ricos e fixo sufrir á clase traballadora.

Á pregunta de ¿por que temos inmigracións?, Saskia sinala que **as migracións son unha fracción moi pequena dos billóns de xente considerada pobre** (e na que non inclúe o caso dos refuxiados, fuxidos das guerras etc) e que “ser pobre non é abondo para explicar o movemento cara outro país xa que **a maioría é demasiado pobre para migrar**. Case todo o mundo que se move no caso de América, e xente que tivo conexións con países do Norte, un feito que supuxera unha ponte. A pobreza ou a falta de emprego non son suficientes para **a migración**, xa que esta **non comeza no fogar**. De ser así, teríamos billóns de migrantes. **Comeza con alguna ponte que tendemos nós mesmos. E adoita estar protagonizada pola clase media**”

Saskia pechou o seu relatorio apuntando á **impresionante capacidade do ser humano para discriminar e producir suxeitos racializados**. A sociedade simplificou a cuestión do racismo. Non é unha cuestión de brancos ou negros, a cuestión do racismo. Non es de color, branco o negro. Temos unha capacidade histórica de construír a ese suxeito racializado, xa que en Europa, na reconstrución de París, os discriminados eran “iguais” que os que os discriminaban por ser Belgas, Italianos, etc. Sassen sinala que a prudencia para sobrevivir é constitutiva do ser humano a nivel protección e que isto tiña sentido nun pasado remoto pero, na actualidade, o concepto que inventamos de extranxeiro é simple racismo ou cuestión de mercado.

.

Departamento prensa e comunicación.

Ana Buela 659748631 – prensa@aulacastelao.gal